

## COLLEITA VERMELLA

**Iago Nicolás Ballesteros**

Universidade de Vigo

iaigonb70@gmail.com

HAMMETT, D. 2016. *Colleita vermella*. Tradución de Diego Ameixeiras. Colección Principal. Santiago de Compostela: Hugin e Munin. 268 páx. ISBN 9788494540332.

No ano 2016, a editorial compostelá Hugin e Munin publica, da man da tradución de Diego Ameixeiras, un novo título que amplía a súa colección Principal: *Colleita Vermella*, do escritor norteamericano Dashiell Hammett. O libro, que saíu á luz por primeira vez en 1929 nos Estados Unidos de América, é a primeira novela deste autor e posúe unha gran relevancia dentro da cultura literaria do seu país, xa que con ela se inicia o subxénero coñecido como *hard-boiled*, o cal garda certas similitudes coa novela negra e caracterízase principalmente por ter como protagonista un detective que loita contra o crime organizado nun ambiente dominado pola violencia e a corrupción.

Esta obra, considerada pola crítica como unha das mellores novelas en lingua inglesa do século pasado, serviría de alicerce para a posterior creación de numerosas obras *pulp*, tanto no ámbito literario como no cinematográfico. Alén diso, a novela destaca tamén por ser a primeira en estar protagonizada polo axente da Continental, unha personaxe que Hammett empregaría novamente noutras obras como *The Dain Curse* e que se tornaría nunha figura icónica deste xénero.

A editorial Hugin e Munin presenta, con esta edición, un atractivo libro encadernado en rústica en cuxa cuberta destaca a ilustración do canón fumegante dunha pistola en cor vermella, un aspecto que resulta ben acaído para a temática que trata a obra en cuestión. Canto á súa estrutura, a novela está introducida por unha dedicatoria dirixida a Joseph Thompson Shaw, o editor de *Black Mask*, unha revista especializada no xénero *pulp* coa cal Hammett colaborara. Seguidamente, encóntrase xa a narración propiamente dita, que comprende no seu conxunto unhas 257 páxinas e que se presenta dividida en vinte e sete capítulos de curta extensión. Alén diso, tamén se poden observar nas lapelas do libro uns parágrafos que ofrecen unha serie de información relativa á biografía do autor.

A respecto do contido da novela, esta trata, como xa se sinalou, sobre un detective privado da Axencia Continental de Investigacións de San Francisco que chega á sombría cidade de Personville, onde o director dun

xornal local require os seus servizos. Alí, o axente vese rapidamente implicado nunha serie de asasinatos e escenas de carácter violento que deixan de manifesto a situación crítica en que se encontra a cidade, cunhas autoridades totalmente corrompidas e gobernada por bandas rivais. Diante deste panorama, o protagonista decide tomar a xustiza pola man e intervir para acabar coa corrupción, o que carrexará que aumenten as tensións e, como o propio título da obra indica, que se produza unha verdadeira «colleita vermella».

Antes de tornar a atención cara á análise desta tradución, é preciso destacar que estamos perante unha obra que posúe un certo grao de complexidade. Isto débese a que o seu autor presenta un elaborado escenario ategado de multitude de personaxes cuxas tramas se entrelazan constantemente e se van intricando en gran medida ao longo da narración, un feito que, en ocasións, pode ser motivo de desconcerto por parte do lector.

No plano literario, un dos aspectos máis destacábeis que podemos observar nesta novela é que o tradutor reproduce habilmente na versión en galego é a utilización dun estilo directo e sucinto á hora de realizar as descrições de lugares e personaxes, de xeito que se adoita presentar soamente a información e os detalles máis indispensábeis para que o lector poida comprender o que acontece de forma axeitada. Alén diso, outra cuestión relevante é o emprego de diálogos breves na narración, o que implica que a acción se desenvolva con maior celeridade e que, ao mesmo tempo, se potencie o impacto que causan certo tipo de escenas, nomeadamente as que posúen un carácter violento. Ademais, é necesario mencionar tamén un aspecto característico de toda obra de Hammett e de *Colleita Vermella* en particular, que non é outro que o marcado pesimismo que se transmite a través dos ambientes atestados de corrupción e decadencia que se retratan na novela.

Pasando xa a tratar certos aspectos relativos á tradución, cómpre destacar en primeiro lugar que na versión orixinal da obra existen certos referentes culturais que poden resultar descoñecidos para o público galego. Co obxectivo de facer fronte a esta problemática, Diego Ameixeiras fai uso dunha serie de notas ao pé en que ofrece, de xeito explicativo, unha breve información destinada a que o lector poida entender o significado destes referentes. Isto pode apreciarse, por exemplo, no caso dunha alusión á personaxe de Cock Robin (p. 75), quen, como explica o tradutor, se trata do protagonista dunha popular canción infantil titulada «Who Killed Cock Robin?».

Alén diso, unha cuestión interesante que se pode observar na obra é a presenza dun gran número de topónimos e outros substantivos que fan referencia a rúas, hotéis, bares e todo tipo de establecementos: *Hurricane Street*, *Great Western Hotel*, *Silver Arrow*... A principal estratexia de tradución que se levou a cabo para representar estes nomes na versión en galego foi a de respectar o substantivo específico e, de ser o caso, traducir o xenérico, como acontece na denominación das rúas: *rúa Hurricane*, *avenida Laurel*. Con todo, hai algúns exemplos onde se poden apreciar certos xogos de palabras relativos a topónimos, tal e como se dá no primeiro capítulo da obra, onde se alude á cidade de Personville como *Poisonville*. Ante esta dificultade en concreto, o tradutor recorre ao emprego dunha nota ao rodapé co obxectivo de que o

público galego poida comprender o seu significado, que neste caso é «Cidade do veneno».

A respecto doutros substantivos presentes na novela, concretamente os antropónimos, observamos que ao longo da narración van aparecendo algúns personaxes que posúen un alcume. Para representar estes casos na versión en galego, o tradutor fai uso de certas solucións que se adecúan correctamente ás características polas cales estas personaxes reciben o seu nome, tal e como acontece cunha personaxe alcumada «Whisper» debido ao seu particular xeito de falar, que na tradución é presentada como «o Rouco».

Canto ao léxico empregado na tradución desta novela, un dos aspectos máis salientábeis é a preferencia polas formas patrimoniais, unha característica que comparten todos os títulos publicados por esta editorial. No caso en cuestión, debido á temática que se trata na obra, resulta nomeadamente destacábel a gran presenza de vocabulario relativo ao mundo do crime e das investigacións policiais, o cal o tradutor é quen de representar con acerto en galego a través da escolla de solucións plenamente propias desta lingua. Podemos dicir, así mesmo, que esta se trata dunha tradución en que abunda o léxico e as expresións de carácter coloquial. Deste xeito, encontramos exemplos como o emprego de *pendanga* (p. 262) para reproducir *bitch* ou de *espichar* (p. 263) por *to croak*, así como outros casos onde ese carácter vulgar non se dá no orixinal mais que, pola contra, se acentúa ou intensifica na tradución, como no uso da expresión *quedar fodido* (p. 104) para representar *not to like it*.

Alén diso, observamos na versión traducida a existencia dunha gran riqueza no ámbito da fraseoloxía, o que pon de manifesto o coidado labor desenvolvido por Diego Ameixeiras neste senso. Algúns exemplos das devanditas expresións de carácter patrimonial, que dotan a narración dunha maior naturalidade, son os seguintes: *non botar a lingua a pacer* (p. 32) co sentido de *not to tell a secret*, *comerlle a boroa (a alguén)* (p. 49) para reproducir *kid (someone)*, *achegarse a fume de carozo* (p. 126) por *run over to*, *correr como a pólvora* (p. 139) para representar *spread quickly* e *mandar a sementar fabas* (p. 171) por *pay (someone) off*.

En definitiva, podemos referirnos a *Colleita vermella* como unha obra de certa complexidade mais que pode resultar moi interesante para o público galego, nomeadamente para todos os amantes do xénero negro. Diego Ameixeiras, a través deste gran traballo de tradución, introdúcenos de cheo nun mundo ateigado de corrupción e pesimismo tan característico da obra de Hammett, no cal se desenvolve unha trama que se torna máis intrincada capítulo a capítulo e que sorprende o lector polas súas escenas de violencia e de acción trepidante. É, sen dúbida, un verdadeiro pracer poder contar en galego con obras de tanta calidade literaria como esta, un feito que non sería posíbel sen o labor de editoriais como Hugin e Munin, que apostan pola tradución á nosa lingua de títulos de literatura estranxeira de prestixio.